



Sr. Secretario Xeral de Calidade e  
Avaliación Ambiental  
Consellería de Medio Ambiente,  
Territorio e Infraestruturas  
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coa Consulta sobre Decisión de Avaliación de Impacto Ambiental do proxecto de Parque Eólico Orrea (A Golada; Pontevedra), promovido por Aldesa Energías Renovables de Galicia, SL, clave 2011/0170,

## SOLICITA:

Que o proxecto se someta a Estudio de Impacto Ambiental e que éste:

1. Avalíe os efectos sinérxicos e acumulativos cos parques eólicos existentes ou proxectados, do mesmo ou doutros promotores, na Área de Desenvolvemento Eólico Serra da Orrea.
2. Avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre:
  - a. Hábitats de conservación prioritaria na UE (DC 92/43/CEE) e, consecuentemente, adapte o proxecto para evitalos totalmente pois non existen razóns imperiosas de interese público de primeiro orden (artigo 6 da DC 92/45/CEE, artigo 45 da Lei estatal 42/2007) para que sexan afectados por un proxecto de parque eólico.
  - b. Hábitats de interese comunitario (DC 92/43/CEE) e estudie alternativas para minimizalos canto sexa técnica e ambientalmente posible.
3. Avalíe as posibles afeccións do proxecto sobre as zonas previstas para a ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia e, consecuentemente, adapte o proxecto para evitalos totalmente.
4. Avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre TODAS as especies incluídas no anexo I da Directiva Aves, na Directiva 92/43/CEE, no *Catálogo Español de Especies Amenazadas* (Real Decreto 139/2011) e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007) presentes na zona e contemple a adaptación do proxecto para evitalas totalmente no caso de especies de interese comunitario e/ou en perigo de extinción, pois non existen razóns imperiosas de interese público de primeiro orden (artigo 6 da DC 92/45/CEE, artigo 45 da Lei estatal 42/2007) para que sexan afectados por un proxecto de parque eólico, ou para mitigalas no caso das restantes especies catalogadas. Ademais, no caso de especies catalogadas como vulnerables ou en perigo de extinción, o EIA debería:
  - a. Adaptar o trazado dos viais e emprazamento dos aeroxeneradores para evitar afeccións á flora.
  - b. Avaliar alternativas para minimizar a mortandade de anfibios, réptiles e micromamíferos nos viais de acceso por atropelo e atrapamento en gabias, taxeas, pasos canadienses, etc.
  - c. Avaliar alternativas para minimizar a mortandade de aves e morcegos por impacto cos aeroxeneradores e perturbacións sobre a súa utilización dos hábitats na contorna do parque eólico durante todas as fases do ciclo vital.
  - d. Contemplan a inclusión de todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas nos Plans de conservación de especies ameazadas que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.
5. Avalíe a mortandade de anfibios, réptiles, aves e mamíferos nos viais de acceso (atropelo e atrapamento en gabias, taxeas, pasos canadienses, etc.) e a adopción de medidas eficaces para mitigala.

En Santiago de Compostela, a 18 de agosto de 2011